



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** continuamos informando sobre as novidades de **Horizon 2020**, adicando un segundo boletín ás **grandes iniciativas** que se desenvolven no marco do Programa..

Xa comentamos cómo as políticas de I+D da Comisión Europea foron complementándose durante os últimos anos con outros programas e iniciativas xurdidos ao longo do FP7 e que se prorrogan e incrementan en Horizon 2020. Estas grandes iniciativas son: as **Asociacións Público Privadas (PPP)**, as **Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas (JTI)**, as **Iniciativas de Programación Conxunta (JPI)**, as **Asociacións Europeas para a Innovación (EIP)**, as **ERA-NETs** e as **iniciativas baixo o artigo 185** do Tratado.

As **JTI** son entidades legais formadas por consorcios público-privados (empresas conxuntas) a escala europea que potencian a coordinación dos esforzos de I+D cun enfoque máis estratéxico e prestan apoio a programas de investigación comúns e ambiciosos en ámbitos cruciais para a competitividade e o crecemento de Europa. Cun orzamento de 22.000 M€ para o período 2014-2020, as JTIs que forman parte de Horizon 2020 son:

BBI JTI - Bio-Based Industries

IMI 2 - Innovative Medicines Initiative

ECSEL (Artemis + ENIAC) - Electronic Components & Systems

Clean Sky 2, sobre aeronáutica e transporte aéreo

SESAR 2 - Single European Sky Air Traffic Management Research

FCH 2 - Fuel Cells and Hydrogen

As JTIs son un medio para implementar as Axendas Estratéxicas de Investigación (SRA) dun número limitado de plataformas tecnolóxicas europeas e financian proxectos a través de convocatorias propias. Neste momento están abertas convocatorias das seguintes JTIs:

IMI 2 – 11th CALL PROPOSAL

CLEAN SKY – 16th CALL PROPOSAL

FCH - 6th CALL PROPOSAL

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!